

Escritores galegos, bascos e cataláns reclaman maior implicación pública na promoción das tres literaturas

Califican de retroceso o decreto de humanidades e a lei de universidades

♦ C. VIDAL

O XVIII Encontro de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns, Galeusca, pechábase o dia 4 en Pontevedra despois de tres días de debate arredor da leitura e dun amplo roncel de temas derivados e preocupacións propias das tres literaturas. No fin da xuntanza, os escritores reclamaron maior apoio público para as tres literaturas e criticaron cambios lexistivistas como o decreto das humanidades ou a lei de Universidades.

A palestra foi ampla e prolongouse dos círculos oficiais de debate ás cafeterías de Pontevedra. Foron tres días intensos nos que autores puxeron sobre a mesa os problemas e as posibilidades de tres li-

teraturas, abafadas, segundo se repetiu, polo centralismo estatal que as torna invisibles fóra das suas fronteiras. As conclusións do Galeusca seguén ese espírito crítico e pulan pola normalización cultural

das tres nacións. Deste xeito, os escritores denúncian "as repercuções negativas que para as culturas galega, vasca e catalana van ter as modificacións lexistivistas de carácter involutivo como o decreto de humanidades ou a Lei de Ordenación Universitaria" e reclaman por iso que "nengunha lexislación valeire de contido ou aniquile" logros adquiridos en materia educativa, cultural ou lingüística.

Demandan asimismo unha maior

implicación dos poderes públicos na "promoción e difusión real e efectiva" das tres literaturas e dos seus criadores e, moi especialmente, "a sua visibilidade nos medios de comunicación de titulidade pública". Nas conclusións, que se trasladarán aos organismos pertinentes, instan además á popularización da leitura, ao fomento da compra de libros, á potenciación de bibliotecas públicas e demás aspectos que camifinan cara "unha sociedade máis culta". ♦

Tres voces galeuscas valoran o encontro


Son tres voces galeuscas. Tres escritores que, por distintas circunstancias, manteñen contacto coas outras duas culturas. Nas suas bibliografías atopamos traducións ou son eles mesmos traducidos ás distintas lenguas nacionais. Actuan como pontes personais dunhas relacións culturais difíciles entre tres nacións

que, sen compartir fronteiras físicas, si teñen alfândegas nas suas comunicacións.

O basco Koldo Izaguirre traduciou, entre outros, a Joan Salvat Papasseit e a Uxío Novoneyra ao euskera. O escritor en catalán Xulio Ricardo Trigo, de orixe galega, ven de ver editada a no-

vela *A desaparición de Evelyn* a nosa lingua e é autor de versións galegas de autores, entre elles e moi especialmente, de vários libros de Xosé M. Álvarez Cáccamo de quem está traballando nesta altura na versión catalana de *Calendario perpetuo*. O presidente da Asociación de Escritores en Lngua Galega, Xosé M.

Álvarez Cáccamo, é un dos galegos más traducidos ao catalán e recién acaba de sair en euskería un libro seu de literatura infantil. Izaguirre, Trigo e Cáccamo son por estas razóns casos singulares, dos más galeuscas. Os tres valoraron a necesidade dos encontros e a súa relación das relacións entre as tres culturas. ♦



Koldo Izaguirre

Os Galeuscas supoñen unha posibilidade de encontro e de achegarnos ás realidades dos outros países. A nivel máis institucional é necesario buscar formas de organización e axuda mútua diante da grande ofensiva do imperialismo contra toda disidencia política e, neste caso, lingüística tamén.

No País Basco, en especial en Navarra, existe unha grande recesión contra todo o que sexa desenvolvemento do ensino en euskera. Recentemente os medios de comunicación do Estado falaron de subvencións de 3000 millóns ás editoriais vascas e outra serie de manipulacións políticas que son tendentes á afogar a diversidade. Os que somos periféricos temos que montar o noso próprio centro senón vanos afogar.

O proceso autonómico nas tres comunidades fixonos baixar a garda, agora é bo momento para intentar realizar unha estrutura máis permanente. Tenemos que buscar unha ampla alianza de todos os sectores implicados na producción do libro compaxinando os intereses. A situación lingüística e da cultura en xeral obriganos a unirmos cada vez máis e para isto temos que botar man das novas tecnoloxías e quitar os medos. ♦

Xulio Ricardo Trigo

Cómpre unha actuación institucional que promova a tradución entre as tres lenguas. As editoriais encontran inútil a tradución do galego ao catalán, cando a literatura galega ten unha calidade envexábel.

A imensa lousa que é o castelán está impedindo sacar a cabeza. É moi difícil que un leitor catalán se entere do que se publica na Galiza cando, por exemplo, case non se traduce ao castelán. A baixada de garda que levo á falta de militancia cultural fixo que o goberno do PP dinamitara moitas bases reais da nosa literatura. No País Valenciano vénense máis libros en catalán pero non sae ningunha prensa que nos ignora. Este intento de negación estalles saindo ben.

Dos Galeuscas sae sobre todo colectamento máutino entre os escritores, algo que sen estes encontros sería praticamente impossíbel. Isto leva a que se valan chamando uns a outros, que se coñecen e se lean. Coido que mesmo se podería establecer algun tipo de acción para que os escritores falasen de si mesmos e non de temas xerais. Queríe algunas traducións, difíciles, pero tamén a imensa riqueza de que eu poda ler a Xosé M. Álvarez Cáccamo ou Koldo Izaguirre. Tendo en conta que a calidade dos escritores galegos e bascos é parangónábel a calquer outra literatura mundial evidentemente isto é máis

que necesario, imprescindible. Sería deseñabel unha páxina en Internet sobre o Galeusca na que houbera traducións e listado de libros, con información que poidería dinamizar a relación entre as literaturas. ♦

Xosé M. Álvarez Cáccamo

Un dos principais papéis do Galeusca é o encontro entre escritores nos que se van consolidando amizades e xurdén tamén compromisos privados como traducións. A dimensión pública materialízase nun debate reflexivo sobre a leitura que é un eixo fundamental do noso traballo.

Nos tres países non existe unha política de tradución institucionalizada para promover o coñecemento das tres culturas. Desde o Estado non se favorece ese encontro senón que mesmo se lle poñen atracos e, por outra parte, tampouco os gobiernos autónomos se caracterizan por apoiar a promoción das tres literaturas. É mesmo difícil conseguir acceder, por exemplo, a libros en catalán se non é a forza de voluntarismo persoal.

Os Galeuscas teñen que dar un impulso para conseguir logros más efectivos. Nesta edición falouse en repetidas ocasións de utilizar a rede como via de comunicación continua e tamén se manifestou o convencimento de que hai que fortalecer as relacións entre as tres literaturas. ♦

O frío

I RAMIRO FONTE

Volvín esta noite ós poemas de Mandelstam. Descubrino hai anos. Si, no libro de Marshall Bernmann, que reabriu estes días para volver emocionarme (esta é unha rara cualidade dun ensaio) co capítulo dedicado a Nova York. Volvín a Mandelstam. A tradución do cuaderno de Voronezh, un topónimo perdido entre o mapa da inmensa Rusia. Nesta cidade estivo desterrado o poeta nos anos 30. Logo de sufrir interrogatorio, prisión, dous intentos de suicidio; despois do exilio e pico sen escribir nada, cos nervios esnaquizados, Osip Mandelstam, un dos poetas que mellor exemplifica a tráxica fidelidade á poesía nun tempo tenebroso, volve facer poemas. Non os escribe. Díos coma un oráculo. De viva voz, faíños e refrainos cos labios, ata que algúin amaneixente, entre eles un poeta chamado Sergei Rudakov, os pasa ós cuadernos.

Dá frío ler a Mandelstam e, en xeral, a tódolos grandes poetas rusos que sufrión a xeira estaliniana. Anna Akhmatova, quen visitou ó noso poeta nesta cidade, deixou dito que os cuadernos de Voronezh eran o pasaporte de Mandelstam á inmortalidade. Dá medo ler estas grandes palabras cando sabemos que o poeta, xustamente polo feito de serlo, contabas os pasos finais dos mártires. Os poemas de Mandelstam, sobre todo aquel que dedica a Stalin (dillo a doce persoas e dalgún destes amantes da poesía sae o traidor) foron o seu pasaporte ós campos da morte.

O tirano, que desconfiaba do poder da poesía, seica teléfonoou a Pasternak. É unha das conversas telefónicas más impresionantes do século XX e para nós debería ter o mesmo valor có que ten para o historiador as que mantiveron Churchill e Roosevelt. "Trátase dun grande poeta?", pregunta o tirano. E Pasternak: "Temos que falar". E o tirano: "¿De qué quiere falar?". E Pasternak: "Da vida e da morte". Seica Stalin colgou.

A fonte é un dos más grandes libros escritos sobre a poesía e os poetas do século XX, a autobiografía da Muller de Mandelstam, Nadezhda. Leo agora (vén cos cadernos) a derradeira carta que ela lle escribe ó seu marido desterrado a Siberia, sabendo que xa está morto porque llo anunciara un soñio. "Lembra a nosa feliz pobreza e a poesía que ti escribiches". E volvió impresionarme co verdadeiro e grande amor que tiveron a poesía estes rusos. Perante elas, a nós non nos queda máis que converternos en escritores de bons versos, no sentido audieniano, sen alzar demasiado a voz, para non seren falsos. Isto xa é difícil porque, por certo, nos grupos de poetas e escritores (os galegos tampouco estamos libres) seguén movéndose suxeitos como aqueles que delataron a Mandelstam. Seguimos a ser uns imprudentes cando escribimos a viva voz. A soas. ♦